

Código Cero

Nova

A novela Spam , gañadora do Premio Blanco-Amor, tivo o seu xermolo no blog A Canción do Náufrago



[A Canción do Náufrago](#) é o nome do caderno persoal do galego Francisco Castro, escritor á par que internauta e que vén de gañar o Premio Blanco-Amor con Spam, unha novela que dá conta de Internet coma o último recurso dos solitarios e os tristes, e tamén dos triunfadores que viven esportan admiración e envexas alá por onde van mais que non son quen de comunicarse e de chegar a alma de ningún.

Nesa liña, aínda que con certas diferenzas, é onde se move o protagonista de Spam, un director de empresa que desfruta especialmente facéndolle a vida imposible ós seus empregados e que conta só coa axuda do correo electrónico para estar en contacto co mundo (o seu único e fráxil fío invisible).

O xermolo desta obra está no blog A Canción do Náufrago, feito que pon de manifesto o moito que a creación literaria está a beber do contexto tecnolóxico e a riqueza que supón para Internet que haxa milleiros de escritores con caderno persoal na Rede. A bitácora de Francisco Castro permitiunos le-las súas primeiras reaccións con motivo do premio, as súas opinións e as dos lectores, información á que, en definitiva, dificilmente accederíamos senón fose grazas ós recursos da blogosfera.

“Levitando... coma un lama no Tibet”, así resume Castro o que se sente logo de ter recibido un dos máis prestixiosos premios literarios das nosas letras, senón o que máis. Por certo que tamén é altamente recomendable visitar [a reportaxe feita no Galicia Hoxe](#)